

**GUÍA DOCENTE DE ORGANOLOXIA ESPECÍFICA I - II****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ORGANOLOXIA ESPECÍFICA I-II										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO	PIANO	
CARÁCTER	MATERIA OBRIGATORIA							TIPO DE CLASE	COLECTIVA	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		PIANO		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.	3	3							Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do instrumento. Apreciación e valoración da influencia das características organolóxicas dos instrumentos históricos na escritura e estilos musicais do repertorio do instrumento.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os contidos obrigatorios nas disciplinas do seu plan de estudos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Concienciar ó alumno da importancia do coñecemento organolóxico e comportamento acústico do seu instrumento, como ferramenta de axuda para estudio de elementos de estilo e interpretación do seu repertorio.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T8, T9, T16.
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X8, X9, X14, X20
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E14
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015 do 29 de Outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñece-las características constructivas do fortepiano e dos instrumentos de tecla predecesores.	Todas.
2. Recoñece las súas características sonoras.	T2, T4, X8, X20, E4
3. Relacionar os coñecementos teóricos da construción coa práctica das diferentes técnicas e estilos interpretativos.	Todas
4. Coñecer os principais constructores de cada época e as súas peculiaridades.	T2, E2, E4

4. CONTIDOS
1. Características constructivas e evolución dos instrumentos de tecla ata o fortepiano.
2. O fortepiano.
3. Os instrumentos de tecla nos séculos XVII e XIX. Interacción entre a evolución constructiva, a escritura e a técnica do instrumento.
4. Audicións comparadas dos diferentes instrumentos e exposición dun traballo asignado polo profesor.
5. Características constructivas do piano moderno e a súa mecánica.



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
1.Actividades introductorias.	Presencial.	O principio do cuadrimestre
2.Clases teórico – practicas.	Presencial.	Permanente durante todo o cuadrimestre
3.Pescuda de información na rede. Audicións e vídeos.	Presencial.	Esporadicamente.
4. <u>Realización de traballos sobre contidos relacionados coa materia.</u>	Non presencial	Final do cuadrimestre.

6. AVALIACIÓN

O alumno dispón de 4 convocatorias: 2 ordinarias e 2 extraordinarias.En cada unha delas aplicarase o tipo de avaliación correspondente.(Avaliación ordinaria ou extraordinaria). No caso de perda de avaliación continua, o alumnado ten dereito á aplicación da avaliación alternativa.